

Alberto García Erauzkin | Presidente

A presentación de resultados do exercicio 2016 que estamos a levar a cabo estes días supón un novo fito para o Grupo Euskaltel. En pouco máis dun ano e medio de vida desenvolvemos con éxito tres grandes retos: por unha banda, a saída a Bolsa da compañía coa conformación dun accionariado de luxo, con grandes accionistas locais, nacionais e internacionais; en segundo lugar, coa creación do operador líder no norte do Estado español mediante a integración exitosa de R de Galicia e, en terceiro lugar e finalmente, coa aprobación da distribución de dividendo para os nosos accionistas por primeira vez dende a nosa saída a Bolsa.

En efecto, o Consello de Administración de Euskaltel, na súa sesión do 22 de febreiro, aprobou a proposta á Xunta Xeral de Accionistas dun dividendo de 0,36 euros por acción, o que supón un rendemento do 4,43% sobre o valor da acción a 31 de decembro e que non é senón a demostración da nosa solidez como grupo, da nosa solvencia financeira e da nosa capacidade demostrada de xeración de caixa.

Pero o máis importante de todo isto é o éxito demostrado da execución dunha estratexia levada a cabo de maneira consistente, que é a que comunicamos ao mercado e que é a que nos permitiu, no exercicio 2016, cumprir coas expectativas dos nosos accionistas, coa distribución do dividendo, cos nosos clientes, con ofertas de valor de produtos e servizos, co noso equipo humano aliñado coa estratexia e moi motivado, e coas sociedades nas que desenvolvemos a nosa actividade -ás que achegamos desenvolvemento tecnolóxico, creación de emprego estable e de calidade, riqueza e progreso- que son a sociedade vasca, por parte de Euskaltel, e a sociedade galega, por parte de R.

Estamos fortes. Somos líderes no noso mercado. E ese liderado reafirmámonos para seguir mantendo unha estratexia consistente: a que nos permitiu cumprir coas expectativas dos nosos grupos de interese en 2016 e a que permitirá continuar a facelo no futuro.